

AROUSA

[Volver](#)

O As Torres, subcampión galego de inverno tras o Kayak Tudense

Os cadetes Rubén Gómez, Tania Álvarez e Marcos Cascallar colgáronse sendos ouros

Pablo Penedo | 9/3/2010

A primeira gran cita da tempada para o piragüismo de Arousa e do Baixo Ulla saldouse con tres títulos individuais e tres equipos entre os nove mellores clubs do Campionato Galego de Inverno.



A cita o pasado sábado no encoro ourensán de Castrelo de Miño, o principal test previo ao Campionato de España de Inverno, reeditou o tradicional dominio aplastante do Kayak Tudense na pista autonómica, cun total de 3.076 puntos, co As Torres-Romaría Vikinga como subcampión con 2.004. O terceiro, o Real Club Náutico Rodeira de Cangas, rematou con 1.537 puntos.

O Breogán do Grove foi quinto con 1.267, polos 1.370 do cuarto, o Náutico Firrete. O Piragüismo A Illa concluíu na novena praza con 850 puntos, o Náutico O Muíño de Ribadumia decimosexto con 342 e o Náutico Pontecesures decimonoveno con 270, dun total de 35 clubs, dos cales só puntuaron 29.

A nivel individual os representantes da zona acapararon seis

das 33 preseas repartidas, incluídos tres dos once ouros en xogo. Concretamente, os tres da categoría cadete, co palista das Torres Rubén Gómez Rial impoñéndose na proba de C-1, coa breoganista Tania Álvarez Yates facendo o propio na regata de Dama K-1, e coa promesa do Náutico Pontecesures Marcos Cascallar Giadás gañando a serie de 5.000 metros de K-1.

Este último foi, dos tres, o que máis tivo que suar o seu título autonómico. E é que mentres Rubén Gómez e Tania Álvarez lles sacaron 29,480 e 22,490 segundos aos segundos das súas respectivas modalidades, Marcos Cascallar superou a Javier Estévez, piragüista do Náutico Rodeira de Cangas, por tan só 1,320 segundos na liña de meta.

Ademais dos mencionados títulos, houbo tamén tres bronces procedentes de Arousa e do Baixo Ulla. Brais Martínez Torres, das Torres-Romaría Vikinga, foi terceiro no C-1 Xuvenil, a 50,780 segundos do vencedor, Adrián González (Kayak Tudense) e 30,130 do segundo, Alejandro Conde, do Unión Boiro-Rianxo. Tamén en categoría xuvenil, Lidia Bayón García, do Piragüismo Illa de Arousa, foi bronce no K-1, a 16,710 de Tani Fernández, do Fluvial de Lugo, e a 9,110 de Silvia Rodríguez, subcampiona do Kayak Tudense.

O breoganista Ángel Cristian Ribadomar pechou o medalleiro arousán co seu terceiro posto na regata C-1 Sénior. Regata na que José Luis Bouza, **Buzo**, non tivo rival. O Tudense fixo dobrete con Manuel Garrido entrando a 1,490 segundos do seu compañeiro, con Ribadomar loitando polo bronce con outro breoganista, Damián Ramos, a 25,640 e 26,190 do gañador, respectivamente. No C-1 Sénior Diego Romero (As Torres), Ramón Ferro (P. A Illa) e David Mascato (Breogán) remataron sexto, sétimo e oitavo, con outros oito representantes da zona entre os 20 mellores.

Breogán, segundo en veteranás

O Campionato Galego de Inverno rematou coas probas de veteranás. Nelas Simón Díaz Fernández deulle o título en Veterán B K-1 ao Breogán, subcampión por clubs con 207 puntos. O Naval de Pontevedra sumou 398.



© Copyright LA VOZ DE GALICIA S.A. Comercializa publicidad local:

Polígono de Sabón, Arteixo, A CORUÑA (España)
Comercializa publicidad nacional:

Inscrita en el Registro Mercantil de A Coruña en el Tomo 2438 del Archivo, Sección General, a los folios 91 y siguientes, hoja C-2141. CIF: A-15000649.